



nota de prensa

## O cuarto venres consecutivo de protestas en Cuntis precede á gran manifestación en defensa do servizo de pediatría

*Este será o cuarto venres consecutivo de protestas e suporá a antesala da gran manifestación convocada para o MÉRCORES día 5 (20:00 h) que percorrerá as rúas de Cuntis.*

Cuntis. 28 de novembro de 2018

Este venres, de novo á unha da tarde, os veciños e veciñas de Cuntis están chamadas a concentrarse diante do Centro de Saúde para seguir esixíndolle á Xunta de Galicia a reposición do servizo de pediatría. Será **a cuarta semana consecutiva e suporá a previa da gran manifestación que terá lugar o MÉRCORES día 5 de decembro, ás oito do serán.**

Recollendo as suxestións realizadas por moitos veciños e veciñas, as catro forzas políticas con representación municipal acordamos manter a voz alzada e **convocar unha mobilización que facilite maior asistencia, xa que así se viña demandando** dende o comezo das convocatorias. Terá lugar **o mércores día 5 (20:00 h)** e percorrerá as rúas de Cuntis, partindo dende o propio Centro de Saúde para chegar á Casa do Concello.

Ademais, os catro grupos municipais elevarán mediante un escrito conxunto a situación de ausencia da praza de pediatra ao Parlamento Galego, facéndollo chegar aos catro grupos parlamentares.

Veciñanza desenvolve unha intensa campaña de difusión destas mobilizacións e reitera o chamado a acudir a cada unha delas. Segundo explica o voceiro municipal Santi Martínez, **"Cuntis está a dar exemplo ao non conformarse co progresivo deterioro das condicións sanitarias que supoñen as políticas da Xunta de Galicia. Os veciños e veciñas de Cuntis están a defender os servizos máis elementais fronte ao trato claramente discriminatorio do SERGAS. Estamos a falar de asuntos moi delicados, da atención sanitaria en menores, de atrasos en revisións e vacinas e de que hai xa familias que tiveron que acudir á sanidade privada debido ao colapso xerado na atención pediátrica pública. O Goberno da Xunta recortou prazas e precarizou as condicións laborais dos médicos e agora ten un problema que repercute nas capas máis sensibles da poboación, como son os/as menores e as zonas rurais"**.